n 26

Patricia Mañana-Borrazás

Escavación, traslado e posta en valor do petróglifo de O Viveiro (Moaña, Pontevedra)

Memoria da actuación arqueolóxica realizada no marco da obra pública do Corredor do Morrazo

Santiago de Compostela 2011

CSIC
Consejo Superior de Investigaciones Científicas

CADERNOS de ARQUEOLOXÍA e PATRIMONIO

CAPA 26

Cadernos de Arqueoloxía e Patrimonio

Escavación, traslado e posta en valor do petróglifo de O Viveiro (Moaña, Pontevedra). Memoria da actuación arqueolóxica realizada no marco da obra pública do Corredor do Morrazo

Patricia Mañana-Borrazás

Laboratorio de Patrimonio
Consejo Superior de Investigaciones Científicas

Data de edición: abril de 2011

CAPA 26

Cadernos de Arqueoloxía e Patrimonio

Consello de Redacción

César Parcero-Oubiña, LaPa - CSIC (director)
David Barreiro Martínez, LaPa - CSIC (secretario)
Yolanda Álvarez González, Terra Arqueos S.L.
Xosé-Lois Armada, LaPa - CSIC
María Luz Endere, Universidad Central de la Provincia de Buenos Aires
Silvia Fernández Cacho, Instituto Andaluz de Patrimonio
César A. González-Pérez, LaPa - CSIC
Ignasi Grau Mira, Universidad de Alicante
Pilar Prieto Martínez, Universidade de Santiago de Compostela

Consello Asesor

Jesús Bermúdez Sánchez, Comunidad de Madrid
Rebeca Blanco Rotea, LaPa – CSIC
Manuela Costa Casais, LaPa – CSIC
Fidel Méndez Fernández, Past S.L.N.E.
Maria Conceição Lopes, CEAUCP, Universidade de Coimbra
Elías López-Romero, LaPa – CSIC
Dorothy Noyes, The Ohio State University
Eugenio Rodríguez Puentes, Xunta de Galicia

Edita

Laboratorio de Patrimonio (LaPa)
Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC)

Enderezo de contacto

Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento
San Roque, 2
15704 Santiago de Compostela

Teléfono +34 981 547053
Fax +34 981 547104

E-mail lapa@iegps.csic.es
Web www.iegps.csic.es/lapa

Depósito Legal: C 1073-2011
ISSN: 1579-5349

TÁBOA DE CONTIDO

Introdución **7**
Antecedentes 8
Descrición da Zona de Traballo 11
Problemática arqueolóxica puntual e hipótese de traballo 11
Obxectivos da intervención **12**
Metodoloxía e desenvolvemento do traballo **12**
Fases de traballo e informes emitidos 12
Rexistro do gravado 13
Sectores de traballo 15
Sistema de referencia 15
Escavación en área 15
Resultados da actuación **15**
Caracterización do petróglifo 15
Caracterización do afloramento 15
Descrición dos motivos 15
Escavación en área 17
Caracterización da secuencia estratigráfica 17
Cultura material 19
A cerámica 19
O material lítico 20
O contexto estratigráfico e valoración da Cultura Material 21
Extracción da rocha gravada 23
Problemática previa 23
Proceso de extracción 23
Recolocación da rocha gravada 25
Proposta de recolocación 25
Proceso de recolocación 26
Valoración da intervención **28**
Sobre a problemática arqueolóxica 28
Sobre a problemática patrimonial 29
Bibliografía **30**
Anexo 1. Entidades documentadas **33**
Anexo 2. Táboas de rexistro e descrición de materiais **39**
Figuras **53**

Ficha Técnica

Edición orixinal do texto e imaxes en marzo do 2007

Autoría do texto

Patricia Mañana-Borrazás

Sofía Baqueiro e Pilar Prieto do apartado de Cultura material (páxinas 17-19)

Dirección do proxecto

Patricia Mañana Borrazás

Axudante de dirección

Irina Capdepont Caffa

Equipo técnico

Genoveva Díaz Fernandez

Teresa Iglesias Villaverde

Realización do Proxecto

Laboratorio de Arqueoloxía da Paisaxe do Instituto de Estudios Galegos Padre Sarmiento (CSIC-XuGa). Unidade Asociada, Laboratorio de Patrimonio, Paleoambiente e Paisaxe (IIT, USC)

Datas de actuación

22 ao 29 de setembro de 2003 (escavación arqueolóxica)

21 outubro ao 4 de novembro de 2003 (extracción)

1 ao 3 de febreiro de 2006 (recolocación)

Fotografía e debuxo

Equipo de campo

Calco do petróglifo

Manuel Santos Estévez

Teresa Espejo Guardiola

Estudios dos materiais

Sofía Baqueiro Vidal

Mª Pilar Prieto Martínez

Delineación

Patricia Mañana Borrazás

Tratamento da información

Patricia Mañana Borrazás

Matilde Millán Lence

Investigador Principal

Felipe Criado Boado

Dirección técnica do Seguimento Arqueolóxico do Corredor

Xesús Amado Reino

Elena Cabrejas Domínguez

Referencias administrativas

Actuación realizada no marco do programa de *Control e Corrección da construción do Corredor do Morrazo*.

Traballo arqueolóxico autorizado pola *Dirección Xeral de Patrimonio Cultural (Consellería de Cultura e Comunicación Social e Turismo)* segundo Resolución do 16 de setembro de 2003.

Clave Expediente Administrativo: CJ 102A 2003/500-0.

Código proxecto IEGPS: 03A69

Código xacemento DXPC: GA36029053

Financiamento

Financiamento do proxecto: Viviendas y Cerramientos S.A e COPASA. UTE AVIADOR.

Financiamento da edición: Laboratorio de Patrimonio - Consejo Superior de Investigaciones Científicas.

CAPA 26

Escavación, traslado e posta en valor do petróglifo de O Viveiro (Moaña, Pontevedra). Memoria da actuación arqueolóxica realizada no marco da obra pública do Corredor do Morrazo.

Patricia Mañana-Borrazás

Laboratorio de Patrimonio, Consejo Superior de Investigaciones Científicas

Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento
San Roque, 2
15704 Santiago de Compostela
España

Primeira edición

Resumo

Neste traballo presentamos os resultados dunha actuación arqueolóxica executada entre setembro de 2003 e febreiro de 2004 e centrada nun petróglifo afectado directamente pola construción dunha infraestrutura pública. Trátase dunha rocha gravada cuns motivos denominados "muíños rupestres" que foi catalogada ós inicios das labores de seguimento desta obra. Ante a gravidade da afección, decidiuse executar unha intervención específica que documentara, extraera e recolocara a rocha do petróglifo.

Sintetízanse os resultados das diversas fases da documentación do contexto orixinal do petróglifo (escavación, documentación planimétrica, calco, etc.), e o proceso de extracción e recolocación nunha área próxima a súa situación orixinal. Acompáñase cun catálogo no que se describe cada entidade en detalle.

Abstract

This text presents the results of an archaeological work on a petroglyph directly affected by the construction of a public infrastructure that was carried out between September 2003 and February 2004. The site consists of a rock engraved with motifs called "rock mills", which was found at the beginning of the Archaeological Monitoring of this work. Due to the severity of the impact, it was decided to perform a specific intervention to document, extract and replace the rock in a new location.

We summarize the results of the various phases of the documentation of the original context of the petroglyph (excavation, survey, tracing, etc.), and the process of extraction and relocation in an area near its original location. The text is complemented with a catalog that describes each entity in detail.

Palabras Chave

Seguimento Arqueolóxico; Impacto Arqueolóxico; Corrección de Impacto; Escavación Arqueológica; Medidas Correctoras; Corredor do Morrazo; Arqueoloxía da Paisaxe; Petróglifo; Arte Rupestre; Muíño Rupestre.

Keywords

Archaeological Monitoring; Archaeological Impact Correction; Archaeological Excavation; Mitigation Strategy; Morrazo Highway Corridor; Landscape Archaeology; Petroglyph; Rock Art.

INTRODUCIÓN [1]

A actuación desenvolvida nesta intervención consistiu na execución da *escavación arqueolóxica, extracción e recolocación do petróglifo de O Viveiro (**GA36029053-YA030711F01**)*, localizado no concello de Moaña, como consecuencia da **afección** orixinada pola construción do Corredor do Morrazo sobre este elemento patrimonial (Criado e Cabrejas 2005). Este petróglifo está composto por unha serie de rebaixes na rocha que non se considera propiamente un petróglifo, senón que se encadra dentro dos denominados **muíños rupestres** ou equipas de moenda, aínda que por simplificar a súa denominación e por tratarse a fin o cabo dun elemento inscrito ou realizado sobre a rocha, no texto referímonos a el coma un petróglifo.

Estaba sen catalogar nos inicios do *Programa de Corrección do Impacto Arqueolóxico da Construción do Corredor do Morrazo*, sendo **descuberto durante os labores de seguimento** da construción da devandita infraestrutura. O gravado estaba situado na traza, **no PK 106+690** polo que se ía ver directamente afectado polas obras de construción do corredor. Tras ser consensuado cos técnicos arqueólogos da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural (DXPC) e coa asistencia técnica arqueolóxica da COTOP, decidiuse que, debido ao seu interese e á magnitude da afección, era obrigado adoptar como medida correctora a súa escavación e traslado para un lugar próximo onde as condicións de emprazamento foran o máis similares posible ás orixinais (Figura 7).

A **escavación** do entorno da rocha gravada iniciouse a finais de setembro de 2003, abranguendo unha superficie de 10 x 7 m. A finalidade desta escavación foi proporcionar información contextual de interese ao tempo que se limpaba o entorno do soporte para proporcionar unha superficie de ataque para a súa extracción.

Os traballos de **extracción** iniciáronse ao remate da escavación e correron a cargo da empresa *Explotaciones Mineras del Morrazo*, contratada pola UTE ao efecto. O corte do bloque onde se atopaban os gravados fíxose por medio de varios abanos de barrenas e posteriormente extraeuse cunha pala escavadora. Neste proceso, o bloque partiu debido a unha veta vertical situada debaixo dos gravados. Unha vez extraído o petróglifo, foi depositado temporalmente nunha área situada entre un ramal e o tronco principal, dentro da banda de expropiación. Neste lugar permaneceron as rochas á espera do momento axeitado ao final das obras de construción.

---

[1] Este documento é unha edición corrixida da Memoria Técnica desta intervención depositada na Dirección Xeral de Patrimonio Cultural (Consellería de Cultura e Comunicación Social e Turismo), Xunta de Galicia en marzo de 2007.

Copia gratuita. Personal free copy http://libros.csic.es

A **recolocación** da rocha extraída levouse a cabo cando xa a obra de construción estaba rematada, en febreiro de 2006. Situouse dentro da área expropiada polo Corredor, ou sexa, nun terreo de titularidade pública, nas inmediacións do sitio orixinal. Colocáronse os dous bloques tratando de remontar a súa forma orixinal e deixar no mínimo a fractura do bloque, nunha posición e contexto que reproduce en certa medida á orixinal.

A nosa labor rematou co **deseño de contidos** dun panel expositivo para poñer en valor á rocha, coa información necesaria para facilitar as visitas e comprensión do petróglifo e máis o seu estado actual. A infraestrutura para a súa sinalización (colocación da mesa e sinalizadores) e da adecuación do acceso, foi asumido pola COTOP.

Antecedentes

Esta actuación constitúe a terceira fase das tarefas arqueolóxicas realizadas co obxecto de mitigar o impacto causado polas obras de construción do Corredor do Morrazo sobre o Patrimonio Cultural.

Estudio de Avaliación de Impacto - DIA

No Estudo de Impacto Arqueolóxico, realizado por Ambiotec S.L.[2] (desenvolvido entre agosto e setembro de 2001) non se fai referencia á localización deste petróglifo, aínda que o punto onde se empraza (o PK106+690) si que está englobado na área de cautela establecida en relación ao castro de Alto das Cidades. Así, o Estudo de Impacto consigna a existencia de varios xacementos catalogados e formula áreas con alta probabilidade de que se atopen elementos arqueolóxicos. Son os xacementos catalogados de o *Castro de Alto das Cidades* (GA36029030) e os petróglifos de *Pozo do Garrido* (GA36029007) e *Grupo II: A Escada* (GA36029009), todos ao N do punto de emprazamento de *O Viveiro*.

Tamén se identificaron varias áreas de alta *potencialidade arqueolóxica*, destacando o collazo de Alto das Cidades e a súa área circundante, onde se estableceu a *Cautela de Castro das Cidades* (CM01-14) xa que aquí se atopa unha alta concentración de xacementos como o castro e os petróglifos catalogados, así como a aparición de restos romanos no val ao E de As Cidades e os restos arqueolóxicos de A Torre de Meira (GA36029029) e do petróglifo da Torre (GA36029008) a 500 m ao SW (pp. 39).

Ou sexa, a identificación destes elementos catalogados e das zonas potenciais fai que se concreten nesta área 3 "*Zonas de Cautela Especial* ou *Puntual*" en relación directa a tres elementos arqueolóxicos (CM), todas estas cautelas incluídas na Cautela de Castro das Cidades. Así, propoñen que se lles preste unha especial atención durante as labores de movemento de terras xa que son áreas de susceptible potencial arqueolóxico (pp.42 e ficha correspondente -Anexo I):

- **CM01-10** – *Conxunto da Escada* (do PK 106+750): os elementos catalogados deste complexo rupestre están situados 200 m na marxe dereita da obra, cun impacto moderado. Debido á non localización de parte dos paneis do conxunto e á imprecisión dos datos existentes, fai que se estableza unha cautela xeral.
- **CM01-11** – *Petróglifo Pozo do Garrido* (PK 0+300 del enlace de Meira): este elemento se atopa a 150 m da marxe dereita da obra a la altura del PK107+000 e a 105 da marxe dereita do enlace de Meira. Cun impacto moderado, propoñen a súa inclusión na cautela puntual do Castro das Cidades.
- **CM01-14** – *Castro de As Cidades* (PK106+600 ao PK107+600): este grande castro se atopa a 35 m da marxe esquerda da obra, á altura do PK107+110, cun impacto severo. Debido á súa magnitude e a que a traza discorre paralela ao eixo lonxitudinal do castro, establécese a área de cautela de 1 km, o que afecta a todo o collado afectado polo corredor e que se atopa ao E do castro e que é a zona do seu acceso natural.

Tamén se valoran as zonas examinadas a instancias da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural nas que debe revisarse intensivamente o terreo unha vez limpa a vexetación. As máis próximas ao PK de localización do petróglifo de O Viveiro son (pp 43):

- **DXP2 e DXP3**: entre os PK106+340 e PK106+600. Tras examinar o DXP2 durante esta fase de Avaliación, non se atopou ningún elemento arqueolóxico. No DXP3 faise referencia á presenza á altura do PK106+557 y PK106+520 de dúas rochas, unha con dúas cazoletas e outra cun piqueteado asociado á cantería.
- **DXP4**: área incluída dentro da área de cautela de Castro das Cidades (PK106+600 ao PK107+600), aínda que se marca unha área máis reducida que en dita cautela, entre os PK 106+900 y 107+250, que debe ser obxecto dun seguimento intensivo, como se sinala para a cautela máis ampla.

Na **Declaración de Impacto Ambiental** (DOGA 16 de agosto de 2001) establécese a necesidade de levar a cabo unha serie de medidas de control e seguimento arqueolóxico comúns para toda a obra (especificadas en Criado e Cabrejas 2005: 26-27), quedando para esta área en concreto reflectido da seguinte maneira:

- Apartado 7.3 sobre a *Protección do Patrimonio*, faise referencia ao Impacto crítico e severo sobre o Xacemento Indeterminado 2 (DXP2), Xacemento Indeterminado 3 (DXP3), o Castro das Cidades e o Xacemento Indeterminado 4 (DXP4); ademais da Afección no contorno aos xacementos de Pozo Garrido, Grupo II de petróglifos de A Escada e Torre de Meira e Petróglifo de Torre de Meira.

[2] Doval e Vidal 2001.

© CSIC © del autor o autores / Todos los derechos reservados

- Anexo II, no informe da *Dirección Xeral de Patrimonio Cultural* sobre o Patrimonio Arqueolóxico indican que "as medidas correctoras propostas non se consideran suficientes, (polo que) considérase necesario estudar propostas alternativas para minimizar a afección dos seguintes elementos e indicios do patrimonio arqueolóxico", que son os indicados no apartado 7.3.
- Ademais se modifica o trazado "en atención á presenza nos arredores (...) dunha serie de bens de interese arqueolóxico (...)" no P.K. 108+000: Castro das Cidades e Muíño e Pontella de Tellado, no que se despraza cara ao N. Outra modificación que non está xustificada pola presenza de Patrimonio Cultural, aínda que afecta a esta zona é no P.K. 106+600: construción dun viaduto, en vez do terraplén de 50 m de altura, para minimizar o impacto da ocupación, manter a permeabilidade transversal do val e non afectar a leitos fluviais naturais.

Corrección de Impacto

As obras do Corredor do Morrazo iniciáronse no mes de **maio de 2003**, sendo o responsable do Seguimento Arqueolóxico neses intres Juan A. Cano Pan, arqueólogo coordinador da CPTOPV do Control e Seguimento do Corredor, co acompañamento de Miguel A. Vidal Lojo. Na segunda quincena de xuño este Laboratorio empezou a toma de contacto coa obra coa guía de Miguel A. Vidal Lojo, sendo finalmente asumida a dirección do Seguimento Arqueolóxico por Xesús Amado Reino con data de **4 de xullo de 2003**.

Con data **15 de xullo de 2003**, ten entrada no rexistro xeral da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo un escrito de Juan A. Cano Pan titulado "*Informe puntual da localización dun novo elemento do patrimonio Cultural no lugar de O Viveiro, Sta. Eulalia de Meira (Moaña)*", relativo á **localización do Petróglifo de O Viveiro** a altura do **PK 160+700**, precisando que estaba situado no centro da traza e que era inviable o replanteo puntual da traza para evitar a súa afección.

Ante este informe, a **Dirección Xeral de Patrimonio Cultural** (DXPC) emite **resolución** con data de **8 de agosto de 2003** indicando a necesidade de realizar unha actuación arqueolóxica que valore a potencialidade da zona, establecendo unha **cautela arqueolóxica** na área comprendida entre os **PK 106+650 e PK 106+750**, o que supuña:

- A paralización do movemento de terras no ámbito de protección.
- A realización dun estudo e documentación pormenorizado do elemento cultural afectado, debendo incluír unha escavación arqueolóxica en área nas inmediacións de dito elemento, para o cal será necesario presentar un proxecto de actuación para a súa autorización por parte da DXPC.
- Unha vez rematado o estudo arqueolóxico se deberá proceder á extracción do soporte gravado e o seu traslado para unha nova recolocación.

Tras asumir o Laboratorio de Arqueoloxía da Paisaxe do IEGPS (CSIC-XuGa) o *Control e Seguimento*, no primeiro *Informe de Revisión de Cautelas do Corredor*, emitido con data de **23 de xullo de 2003,** constátase a presenza e situación do Petróglifo de O Viveiro (GA36029053-YA030711F01), así como que a zona de cautela xa se atopaba talada.

Petróglifo balizado tras da súa localización.

Con data de **12 de setembro de 2003** e en relación coa resolución do 8 de agosto de 2003 da DXPC, presentouse o *Proxecto de escavación, traslado e posta en valor do Petróglifo de O Viveiro (Moaña, Pontevedra)*, que foi autorizada o 16 de setembro de 2003, intervención da que se da conta nesta Memoria.

Finalmente, en relación con este xacemento, sinalar que, con data 7 de xullo de 2003, foi presentada unha **denuncia** de presenza dun xacemento arqueolóxico no corredor ante a Delegación Provincial de Pontevedra da Consellería de Cultura. Na denuncia se especifica que este elemento estaba sinalizado cunha cinta de obra co anagrama da empresa construtora, nas proximidades do PK 106+680, e que semellaba de recente aparición e sen catalogar. Solicita a súa inclusión no Rexistro de Bens Culturais e que se apliquen as sancións pertinentes aos causantes destas obras. Dende o Seguimento Arqueolóxico do Corredor, atendendo a esta denuncia, notificouse á DXPC o 25 de setembro de 2003 que o xacemento ao que facía referencia a denuncia é o Petróglifo de O Viveiro, que fora descuberto e balizado pola equipa de control e seguimento e que era obxecto da intervención que aquí se reflicte.

Copia gratuita. Personal free copy http://libros.csic.es

Petróglifo balizado tras da súa localización.



Imaxe 3D do emprazamento

© CSIC © del autor o autores / Todos los derechos reservados

Descrición da Zona de Traballo

No Anexo 2: da **Figura 1 á Figura 9** [3]

O Corredor do Morrazo transita pola aba meridional da península do Morrazo, no sector suroccidental galego, atravesando os concellos de Moaña, Cangas e Bueu. A península configúrase como un bloque de dirección E-W, fundamentalmente granítico, moi fracturado, de formas en xeral abruptas e aspecto redondeado, consecuencia da acción de diferentes procesos tectónicos e erosivos. O accidentado litoral alterna tramos de acantilados con outros propios da costa baixa e areosa. As abundantes fracturas do terreo provocan unha densa rede fluvial que inza estes concellos.

O *Petróglifo de O Viveiro* está na aba E do val do río Fraga que atravesa o concello de Moaña de N a S, na parte media da ladeira do Monte Faro. Concretamente, o xacemento emprázase na ladeira NE dun pequeno outeiro que divide dous vales bastante encaixados que se desenrolan na ladeira do monte Faro. As augas destes pequenos vales drénanse por medio duns regatos que discorren cara o S e que son afluentes do Fraga pola dereita. Este outeiro é o elemento máis destacado do collazo onde se empraza, elevándose uns 7 m sobre o entorno, unha zona predominantemente chaira, con pendente cara o S, formado entre a ladeira que descende dende o E dende o monte Faro e o monte de Alto das Cidades pola marxe W. *O Viveiro* está no extremo SW do collazo, nun esporón que é un punto de inflexión do relevo a partir do cal, cara o S se incrementa fortemente a pendente. Na metade W do outeiro a ladeira ten unha maior lonxitude, caendo directamente ata o val do Barranco do Faro e o río Fraga. A altitude e pendentes fai que este outeiro sexa coma un miradoiro cara este val e, en definitiva, cara a costa e a ría. A cota máxima do outeiro é de 155 metros sobre o nivel do mar, está a monte baixo e o entorno é monte de repoboación de eucaliptos.

O afloramento no que se atopa o gravado está formado por grandes bloques de granito de dúas micas con numerosas fracturas. Sobre eles se atopan unha grande cantidade de rochas exentas de moi diverso tamaño, cabalgadas unhas enriba das outras, conformando unha superficie continua aínda que moi irregular, con continuos cambios de pendente. Aínda que o afloramento ten forma basicamente cónica, o petróglifo se atopa nunha laxe a ras de chan e plana, na ladeira NE do afloramento, nun punto que no que se forma unha especie de chanzo, quedando cara o SW o punto máis alto do rochedo. Nas ladeiras do outeiro, as rochas van escaseando un pouco máis ate desapareceren na zona de contacto co fondo dos dous vales que o flanquean, nos que predomina a superficie de terra fronte aos afloramentos rochosos.

[3] Nesta banda gris faise referencia á documentación gráfica do Figuras relacionadas con cada apartado.

Emprazamento do petróglifo visto dende o N e altitudes do paso e do afloramento.

Todo este espazo caracterízase pola existencia dun substrato granítico erosionado, polo que no entorno de *O Viveiro* predominan os afloramentos. Algúns deles constitúen igualmente xacementos de similar tipoloxía a *O Viveiro*; tal é o caso dos Petróglifos de *A Escada* (GA36029009) ou do Petróglifo de *Pozo do Garrido* (GA36029007), situados ao SE e NE respectivamente do elemento tratado no presente documento, delimitando a cabeceira deste pequeno val.

No entorno máis inmediato tamén se atopan outros xacementos arqueolóxicos, coma son o castro de *As Cidades* (GA36029030) e o petróglifo de *Devesa do Rei* (YA030613F02, que tamén foi afectado polo corredor) ambos cara ao NW, ou o *Petróglifo da Torre de Meira* (GA36029008) e a *Torre de Meira* (GA36029029), ao SW.

É conveniente apuntar que durante o Seguimento Arqueolóxico da obra documentouse unha variación do topónimo *O Viveiro*, que é o rexistrado en primeira instancia. Os veciños tamén se refiren a esta zona como "***O Vieiro***", o que pode estar facendo referencia a presenza neste punto e dende antigo dun carreiro angosto para o paso de peóns e gando. Parece que se está sinalando un punto de paso dentro dun relevo tan abrupto coma este, na que predominan as fortes pendentes: estamos no extremo dunha zona chaira, dun paso, forma topográfica que tradicionalmente funcionaría coma zona de tránsito natural, podendo ser este o punto por onde se comunicaría de maneira menos abrupta esta área có val do Fraga e a costa.

Problemática arqueolóxica puntual e hipótese de traballo

A construción do Corredor do Morrazo ía destruír a parte superior do outeiro onde se atopaba o petróglifo, polo que ía desaparecer boa parte dese conxunto rochoso natural no que se asenta o gravado e mais o propio gravado (Figura 7).

A imposibilidade técnica de desviar a obra para evitar a afección fixo que se propuxera coma medida

Copia gratuita. Personal free copy http://libros.csic.es

correctora a necesidade de realizar un rexistro exhaustivo do gravado, encadrado dentro dos denominados **muíños rupestres** adscritos en termos xerais á Prehistoria Recente. Ademais presentouse a necesidade de procurar a salvagarda da superficie gravada mediante a súa extracción e recolocación.

Así, coa escavación procurase determinar a posible existencia de restos relacionados con el, ao tempo que se proporcionaba unha superficie de traballo para acometer o corte e extracción da rocha. Coa extracción e recolocación do petróglifo, pretendese garantir a salvagarda do gravado e que este siga sendo parte do patrimonio arqueolóxico da comarca, cuxa poboación está especialmente sensibilizada contra a destrución dos petróglifos, un dos xacementos arqueolóxicos de referencia da zona.

Obxectivos da intervención

O obxectivo principal da intervención foi a **salvagarda física do gravado**. Dado que o lugar no que se encontraba ía a ser destruído polas obras do corredor do Morrazo, considerouse necesaria a súa extracción, para o que previamente se planeou unha documentación exhaustiva e que incluía a escavación arqueolóxica do contorno inmediato co fin de proporcionar unha superficie de ataque para o corte da rocha.

Unha vez extraído, nun momento final da obra, o gravado se recolocaría nun terreo de titularidade pública. Dende o principio expúxose que á recolocación emularía a súa posición orixinal, ademais de ser necesario crear cunha infraestrutura mínima para pór en valor esta actuación e o petróglifo (sinalización e acceso habilitado para a súa visita).

Metodoloxía e desenvolvemento do traballo

Os principios metodolóxicos xerais son os recollidos no *Proxecto de Corrección do Impacto Arqueolóxico do Corredor do Morrazo*, polo que no seguinte apartado só se contempla o plano puntual de traballo para a presente intervención.

Fases de traballo e informes emitidos

A presente actuación consistiu, tal e como se dixo máis arriba, na escavación do entorno inmediato do petróglifo de O Viveiro, a extracción do soporte e posterior recolocación do mesmo no entorno do Corredor do Morrazo.

Segundo o plano de traballo previsto, a actuación desenvolveuse seguindo, a grandes trazos, estas fases esenciais:

1. **Documentación** (cartográfica e gráfica).
2. **Elaboración do Calco do Petróglifo**.
3. **Revisión e limpeza** manual da totalidade de rochas do afloramento incluídos na banda de afección sobre a que se planea a actuación.
4. **Escavación** dun sector de 10 x 7 m no entorno do petróglifo, documentándose e xeoreferenciándose a estratigrafía e o material arqueolóxico co obxecto de contextualizar o petróglifo. A metodoloxía de escavación empregada seguiu as convencións desenvolvidas por este laboratorio (Parcero et al. 1999).
5. **Levantamento topográfico** da rocha onde se localiza o petróglifo e as máis inmediatas.
6. **Extracción** do soporte por parte da empresa contratada pola UTE, coa axuda de operarios e maquinaria para o transporte proporcionados pola UTE.
7. **Traslado** a un lugar vixiado para o seu depósito temporal dentro da área de expropiación da obra.
8. **Estudo do lugar de recolocación** a uns metros máis ao Este, fóra da banda de ocupación do corredor, coa emisión dun informe coa proposta concreta de actuación.
9. **Recolocación** e adecuación do entorno simulando a súa posición orixinal.
10. **Posta en Valor** que consiste na disposición dunha serie de infraestrutura de sinalización e un panel interpretativo. A data de hoxe, esta última fase está pendente de executarse, sendo a labor que depende de nós o deseño de contidos do panel.

Coma resultado destas fases de traballo, emitíronse os seguintes informes co obxecto de manter informada á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e a Dirección da obra das distintas incidencias xurdidas ao longo deste proxecto:

DATA	TÍTULO
12/09/2003	Proxecto de Intervención
22/09/2003	Carta Inicio da actuación arqueolóxica
30/09/2003	Carta Fin da actuación arqueolóxica
11/11/2003	Informe Valorativo, Proposta de levantamento da cautela arqueolóxica.
30/05/2005	Informe Puntual. Proposta de traslado
10/11/2005	Proposta de Actuación
03/02/2006	Comunicación inicio recolocación do petróglifo
27/03/2007	Memoria Técnica

© CSIC © del autor o autores / Todos los derechos reservados

Rexistro do gravado [4]

No Anexo 2: **da Figura 10 á Figura 11**

No inicio da intervención levouse a cabo o rexistro dos gravados, diaclases, rebaixes e contorno da rocha por medio do calco e fotografía, tal e como a continuación se especifica.

Definición dos límites da área gravada

Implica a limpeza do petróglifo. A súa finalidade é facilitar a visión dos gravados, e por outra parte, deixar ao descuberto posibles gravados ocultos pola vexetación. Esta operación realizouse con sumo coidado para non danar a superficie da rocha, e non provocar efectos negativos na mesma.

A limpeza fíxose moi superficialmente eliminado a vexetación ou calquera axente depositado sobre a rocha. Os liques ou as algas non prexudicaron a observación dos gravados, xa que a rocha carecía deles ao estar tapada con cobertura vexetal ata o momento do seu achado.

Despois desta limpeza procedeuse a un varrido profundo da superficie cun cepillo brando para eliminar os residuos. Nos casos en que había moita sucidade na superficie humedeceuse o cepillo en auga.

Coa escavación arqueolóxica dos depósitos de terra que enchían as fisuras, diaclases e concavidades, exhumouse toda a superficie da rocha, sen atoparse a este nivel ningún novo signo de gravado.

Observación e identificación dos gravados

Unha vez limpa a superficie, o paso seguinte para executar unha boa identificación dos motivos gravados foi o exame do petróglifo, identificando e delimitando os gravados. Para iso utilizáronse distintas condicións de luz:

Lectura de gravados por medio de luz natural a distintas horas do día

Procurouse revisar a rocha os días despexados con sol, xa que estes son, sen dúbida, os mellores para a observación de gravados. Tamén son indicados os días de choiva, e os días que suceden a estes, especialmente se son soleados, posto que o petróglifo se atopa mollado e iluminado ao mesmo tempo. En canto á hora do día, intentouse facer o traballos naquelas horas en que a luz se proxecta con un ángulo cerrado sobre os gravados, isto é, as primeiras e as últimas horas. Nestes momentos, grazas á luz rasante, os obxectos son iluminados de forma lateral proxectando sombras máis contrastadas e alargadas. Cando a luz se proxecta verticalmente ou formando un ángulo aberto sobre os gravados dificultase a súa lectura, isto é, nas horas intermedias do día, porén pódense apreciar outras informacións como distintas texturas ou procesos de alteración.

Outros procedementos complementarios.

Debido a que cos cambios de luz se puido observar a superficie da rocha co detalle necesario, non se empregaron outros métodos como o *frotagge*[5] ou a iluminación con luz artificial, necesaria cando nos atopamos ante superficies moi finamente gravadas, ou con superposicións, etc.

Pintado do petróglifo

A finalidade do pintado é que tódalas figuras se fagan visibles, creando un contraste entre o suco e a superficie non gravada para obter unha imaxe nítida das figuras, de cara á realización de fotografías ou calcos. Neste caso utilizouse unha pintura que cumpre tres requisitos: ofrece unhas condicións de permeabilidade e reversibilidade altas, presenta unha nula agresividade na rocha, e que crea un contraste óptimo co resto da rocha.

Sen dúbida a pintura máis comunmente usada en todo o mundo é o xiz (CaC03), ben usándoa soa para remarcar os gravados, ou ben mesturándoa a partes iguais con auga para pintalo. Poren, ao ser un produto alcalino produce un efecto químico sobre a rocha actuando sobre a microflora e provocando a desaparición do lique. Isto deixa sen microorganismos a superficie da rocha o que pode crear a longo prazo problemas de desprotección para a mesma.

Tendo en conta isto, buscamos outras alternativas como:

- **Pigmentos naturais inorgánicos,** para a súa aplicación necesitan ser antes diluídos en auga. A proporción variará segundo a fixación que lle queiramos dar á pintura. Despendendo de cada cor proceden dun mineral distinto. Experimentamos con dous tipos: sombra natural e ocre. O primeiro é terra natural, de composición similar á da siena, pero de maior contido en manganeso, ten un color pardo escuro, con tonalidades que varían do verdoso ao amarelento e ao violáceo, e non é totalmente opaca. O ocre é arxila coloreada por ferro que presenta tonalidades amarelas e apagadas. É unha pintura opaca.
- **Pintura Pastel,** son barras de pastel molidas. A composición é pigmento con creta precipitada e goma de tragacanto (sustancia xerada por unha planta da especie *astrágulus*). Segundo a forza do aglutinante de cada un dos pasteis obteremos unha maior ou menor permanencia da pintura sobre a rocha. As cores utilizadas foron o branco

[4] A xustificación sobre o método de reprodución que nesta intervención se seguiu, así como a comparación con outros tipos de rexistros de petróglifos, se atopa amplamente explicado en Seoane 2005.

[5] Consiste na fricción de papel de carbón sobre papel branco para reproducir o suco do gravado, quedando así o negativo dos motivos proxectado no papel.

Copia gratuita. Personal free copy http://libros.csic.es

e o vermello, o pigmento do primeiro é creta precipitada e a forza do aglutinante media, dura intacto varias choivas. En canto ao vermello, o pigmento é vermellón e a forza do aglutinante media-forte. Destaca menos que o anterior e dura máis tempo.

Para realizar as fotos e o calco, decantámonos polas pinturas pastel en cor branca xa que son as que ofrecen un maior contraste coa rocha. Poren calquera destas pinturas é óptima posto que non supoñen ningún tipo de agresión para a rocha ou gravados, ao ser os seus compoñentes totalmente vexetais e/ou minerais.

Pintado do petróglifo e perfilado sobre plástico

Colocación do plástico para a realización do calco

O plástico colocouse de tal maneira que quedou ben fixo e tirante. Dada as reducidas dimensións do panel, empregouse unha única folla plástica duns 2000 x 1200 cm aproximadamente, que cubría a totalidade da superficie gravada e o seu entorno.

Perfilado de las figuras sobre o plástico

Realizouse con rotuladores indelebles, empregando unha convención de diferenciación por medio de cor e trazado. O noso estándar de cor foi o negro para os gravados, o vermello para os accidentes morfolóxicos da rocha, indicando de qué tipo de accidente se trata; e o verde para o contorno da rocha. Empregouse a liña descontinua cando os límites dos gravados, contorno da rocha, etc. non eran claros ou estaban tapados.

Por outra banda, indicouse a profundidade do gravado cunha escala de profundidades na que 1 é menos profundo, 2 medio e 3 máis profundo. Isto serviranos posteriormente en gabinete, para advertir ao observador das diferenza de profundidade, o que permite, na maioría dos casos, unha maior definición do motivo.

Para finalizar o calco, debuxamos no borde do plástico o N xeográfico e unha media de 50 cm para dispoñer mais tarde dunha escala.

Procesado en gabinete do calco

Unha vez rematado o calco obtivemos unha única folla plástica que, non podendo ser manexada na súa escala orixinal, se reduciu a unha escala convinte. Para pasalos a un formato dixital manexable, escaneamos o plástico nun escáner dixital de alta resolución A0. Esta información procesouse co programa Photoshop na súa versión 7.0., conservando a convención de cores e grosores de liñas.

Por último, co obxecto de incorporar esta información á planta xeoreferenciada da escavación, vectorizouse o calco, escalouse e finalmente se xeoreferenciou, co que o calco ademais de ter formato de imaxe, pode ser manexada vectorialmente, reflectindo a orientación, tamaño e situación reais.

Levantamento topográfico

Durante a fase de escavación levouse a cabo o levantamento topográfico dos 5 motivos principais do petróglifo. Tomouse o contorno, rexistrándose entre 5 e 8 puntos por cada motivo, máis un punto da cota de máis profunda de cada rebaixe. O obxectivo era obter a información básica de límites e profundidade, e que estes datos foran xeoreferenciados e de alta precisión. Estes datos serviron de base para a posterior xeoreferenciación do calco vectorizado, ademais ensaiar este tipo de rexistro e comparalo có calco, que ten o valor de ser máis minucioso en canto o rexistro da forma dos gravados (Figura 11).

Ademais, fixemos unha planimetría do afloramento (Figura 14), xa que consideramos que o propio soporte natural é parte primordial do gravado, ou sexa, non só importan os motivos senón tamén cómo é o soporte onde se inscriben, e este ía a ser destruído na obra. A grande cantidade de bloques e as restricións da actuación na área que se interviña mais o tempo de execución contratado, fixeron que este levantamento de detalle se limitara á rocha gravada e mais os bloques que a rodeaban e limitaban o seu campo visual.

Así, tomáronse un total de 21 bloques, comezando pola rocha na que se inscribía o petróglifo, rexistrándose os seus límites e máis as arestas ou cambios de inclinación da rocha, así como algúns puntos máis onde foi necesario. Este traballo se executou unha vez rematada a escavación para rexistrar a totalidade das superficies da rocha e as fisuras, diaclases e concavidades máis destacadas.

O levantamento dos gravados principais e rochas xestionouse co programa AutoCad, co que se obtén

© CSIC © del autor o autores / Todos los derechos reservados

un plano xeoreferenciado que se pode integrar co resto da información recollida na intervención.

Para obter unha maior calidade visual deste levantamento, procesouse esta información co CorelDraw, dándolle distintas intensidades de cor á superficie das rochas. Así, canto máis chan é a superficie, o ton é máis claro, e canto máis pendente, o color da rocha é máis intenso.

Sectores de traballo

No Anexo 2: **Figura 14**

Estableceuse un único sector de escavación en torno ao petróglifo, de forma irregular, adaptándose as posibilidades e a forma do rochedo. Esta ten unha superficie máxima de 10 x 7 m e un total de 45,50 m^2, aínda que a escavación arqueolóxica restrinxiuse á 25,40m^2 que era a superficie realmente escavable, ou sexa, a superficie dos depósitos que se atopaban no entorno do petróglifo, a terra acumulada entre as fendas do afloramento.

Sistema de referencia

No Anexo 2: **Figura 14**

Estableceuse para o sector de traballo un sistema de referencias previo á escavación, que seguiu o sistema de traballo desenrolado neste laboratorio (Parcero et al. 1999).

Para isto, empregouse unha Estación Total posicionada en base ás cordeadas reais UTM proporcionadas polos topógrafos da obra. Todo o rexistro de información gráfica, situación de pezas, plantas e cotas das Unidades Estratigráficas mais contornos da rocha e gravados, rexistráronse directamente coa estación total, polo que as coordenadas de todo o documentado correspóndese coas reais.

Ademais, estableceuse unha malla de UR de 4 x 4 m cun total de 9 URs que cobren a totalidade do sector de escavación, co obxectivo de servir de referencia espacial para toda a información que non fora a ter cordeadas reais, fundamentalmente fotografía e a Cultura Material ou mostras. Así, a posición de parte da Cultura Material rexistrada está feita respecto a esta malla de UR, aínda que, para darlle unha maior precisión espacial, a súa posición tamén se referenciou pola súa situación entre os bloques nos que se atopou, o que permite restrinxir á área onde se atoparon dentro da UR. Isto se reflicte no plano de distribución das pezas (Figura 19), onde aparece en planta a distribución das pezas xeoreferenciadas e a área de distribución concreta das pezas referenciadas respecto a UR e a súa posición entre as rochas.

Escavación en área

Levouse a cabo a escavación e documentación da secuencia edafolóxica e arqueolóxica segundo a metodoloxía arqueolóxica Harris, información que se pode dividir en dous grupos esenciais de elementos:

- Información estratigráfica (Parcero et al. 1999).
- Rexistro de materiais (Cobas e Prieto 1998).

Non se recolleu ningunha mostra xa que non había depósitos con evidencias significativas ou de interese.

Resultados da actuación

Caracterización do petróglifo

No Anexo 2: **da Figura 8 á Figura 12**

Caracterización do afloramento

O substrato granítico caracteriza a Península do Morrazo. Neste punto de fortes pendentes, afloran un bo número de superficies rochosas, tanto laxes a ras do chan como pedras cabalgadas ou castelos.

O afloramento no que se atopa o Petróglifo de *O Viveiro* é de granito de dúas micas, cunha forma que se denomina un *castle koppies,* ou sexa, rochas acasteladas (Vidal e Twidale 1998), un volume rechamante e sobresaínte sobre o entorno. É un pequeno outeiro illado, de forma máis ou menos cónica que se eleva uns 7 m sobre a superficie plana máis próxima do collazo onde se empraza. Presenta paredes moi inclinadas, que caen máis abruptamente na metade W ata o val de Pombal e Reibón, baixando dende os 155 m do cumio do afloramento ata os 70-30 m do val (Figura 8 e Figura 9).

O bloque principal deste castelo ten múltiples fracturas e sobre el se atopa unha grande cantidade de bloques de diversas dimensións en todas as súas cotas. O sistema de fractura que se pode observar é romboidal, cun plano de fractura paralelo á superficie da terra, un perpendicular e outro oblicuo, o que fixo que o afloramento fendera primordialmente en sentido vertical, pero tamén que presente superficies horizontais e múltiples fendas. As diaclases e bloques do afloramento teñen as súas arestas redondeadas, froito da erosión natural, pero aínda así, nos bloques soltos sobre a superficie do bloque principal predominan as formas arestadas sobre as redondeadas.



Modelo de fracturación do afloramento

Descrición dos motivos

Como xa se sinalou, a superficie gravada se atopa na parte NE do afloramento, nunha rocha plana lixeiramente inclinada cara ao E, que forma unha especie de chanzo dentro do propio afloramento (Figura 9). O motivo se atopa na parte máis plana da rocha (Figura 10, Figura 11 e Figura 12). Está composto

Copia gratuita. Personal free copy http://libros.csic.es

principalmente por 5 rebaixes cóncavos de forma rectangulares e paredes moi redondeadas, de entre 1,5 cm e 5 cm de profundidade máxima. Agrúpanse formando un rectángulo de 50 cm x 40 cm, có eixo maior deste rectángulo orientado de NE-SW, cara o punto máis elevado do afloramento. Os dous motivos maiores e máis profundos teñen forma rectangular e sitúanse na parte central do conxunto; se colocan en paralelo e teñen practicamente o mesmo ancho (de 28 cm x 18 cm e de 23 cm x 19 cm) e aínda que un ten uns 5 cm menos de percorrido. Cara o NE sitúanse outros dous rebaixes rectangulares, case do mesmo ancho que os principais pero menos longos. O quinto rebaixe se atopa ao SW dos motivos principais, é alongado e máis irregular que os anteriores; está orientado en perpendicular ao eixo dos motivos principais e ocupa todo o ancho do conxunto.



Gravados / Contorno rocha / Fendas / Alteracións

Calco do gravado e a rocha

Coa realización do calco púidose completar esta caracterización (Figura 10 e Figura 11), xa que permitiu identificar que esta superficie tiña ademais gravadas tres pequenas coviñas circulares de entre 3 e 5 cm de diámetro, dúas ao SW, case no límite da superficie da rocha e outra cara o NE. Outros elementos que caracterizan esta superficie son as fendas de escasa profundidade e estrutura reticular que se atopan na metade E da superficie da rocha, na zona con maior inclinación, onde tamén se atopa un descascado de forma circular a modo de poza na zona onde a superficie da rocha alcanza unha maior inclinación cara o NW. Tamén se identificou algunha pequena superficie alterada ao SW do gravado principal.

O resto do batólito non se atopa gravado. Tampouco está modificado de forma significativa nin ten signos dunha explotación intensiva pola cantería tradicional.



Vista do rochedo dende a parte máis elevada (SW), remarcado a situación dos gravados

Cabe salientar que se escolleu para gravar un dos bloques principais e máis singulares que forman o corpo deste rochedo acastelado, na parte NE do mesmo, sendo, xunto có grande bloque do cumio do castelo, a superficie máis plana e ampla de todo o rochedo. Pero, a diferenza da rocha do cumio, neste punto do afloramento danse unhas condicións de visibilidade do entorno moi particulares, pois é un punto afundido dentro do rochedo, limitado física e visualmente por unha serie de bloques de diversos tamaños que a rodean en todo o seu circundo (Figura 12 e Figura 13):

- Cara o SW, a rocha gravada está limitada polos grandes bloques que son o corpo do afloramento e que, a modo de chanzos, ascenden en dirección SW ata 3 m sobre o gravado, cara o punto máis elevado do mesmo afloramento. Destaca de todos estes grandes bloques que o rodean o que está en contacto directo coa rocha gravada cara o SW: é unha parede case vertical, cun plano practicamente perpendicular á superficie gravada e ao eixo no que se aliñan os motivos.
- No resto de direccións, sucédense una serie de bloques exentos de diverso tamaño e orientación que se apoian sobre a superficie do rochedo e cabalgados uns nos outros:
  - cara ao N é onde o conxunto de bloques alcanza unha maior altura aínda que de maneira irregular, oscilando entre 0,50 m e 1,60 m, sendo ademais a zona onde se atopan en maior cantidade e están máis amontoados e apertados, estes bloques están orientados de N-S;
  - cara ao E o número de bloques descende, tamén na cota, que se elevan sobre o petróglifo non máis de 0,50 m;
  - cara ao S o número de bloques aumenta aínda que en menor cantidade e de menor tamaño que cara ao N, con algúns dos bloques orientados E-W e outros de NW-SE, elevándose irregularmente entre 0,20 m e 1,60 m.

Polo tanto, é rechamante que a limitación visual cara ao SW é total, dirección onde a parede do aflo-

© CSIC © del autor o autores / Todos los derechos reservados

ramento elévase uns 3 m a pouco máis de 1 m do gravado (Figura 13). A pesar de esta restrición, é posible ver dende este punto o monte de Alto das Cidades (GA36029030) cara o NW e quizais tivera conexión visual cós outros petróglifos da cabeceira do val, *A Escada* (GA36029009) cara ao SE, *Pozo do Garrido* (GA36029007) cara o NE, aínda que as condicións actuais de vexetación non permiten aseguralo.

Escavación en área

No Anexo 2: **Figura 14, Figura 15 e Figura 16**

A situación da sondaxe foi planificada en relación coas posibilidades do rochedo, ou sexa, tomando o petróglifo como punto central, escaváronse os depósitos acumulados nas zonas planas e fendas do afloramento que rodeaban a rocha gravada e por debaixo dos bloques de granito ata onde foi posible. A extensión total da área escavada é de 10 m x 7 m aínda que non en toda esta área hai sedimento, polo que a superficie finalmente escavada se reduce a uns 25,40 m^2.

Vista dende o NE (esquerda) e dende o SW (dereita) unha vez rematada a escavación

Caracterización da secuencia estratigráfica

Documentouse unha única Unidade Estratigráfica (**UEVIV01**) cunha potencia de entre 5 e 45 cm, dunha terra negra, moi orgánica e fina, con abondosos lentellóns de areas, máis bloques de granito coas arestas rodadas na parte inferior do depósito (Figura 15, Figura 16 e Figura 17). Este depósito estaba enchendo as fendas de distinta profundidade que se atopaban no batólito, tendo en xeral forma de cuña, cun perfil en "V". Nos casos onde foi posible, retiráronse a man os bloques grandes de granito baixo os que se atopaba aínda este depósito para proceder a súa escavación.

Estas características responden a un solo de formación natural, un **Horizonte A**, provindo as pedras e areas que o compoñen da fragmentación e erosión natural do propio batólito. É probable que, a pesar de ter gran cantidade de materia orgánica, sexa un solo de formación antiga aínda que rexuvenecido polo aporte continuo de materiais e acción da vexetación, feito favorecido pola súa escasa profundidade do solo.

Escaváronse as gretas do entorno do gravado. Nesta, ao SW do gravado documentáronse os dous líticos pulidos.

Copia gratuita. Personal free copy http://libros.csic.es

Detalle do espazo entre rochas ao SE do gravado onde se aprecian os bloques fragmentados que se atopan na base da UE001.

Selección da Cultura Materia recuperada na escavación.

© CSIC © del autor o autores / Todos los derechos reservados

Cultura material

No Anexo 2: **Figura 19, Figura 20 e Figura 21**

Autoras: Sofía Baqueiro e Pilar Prieto.

Rexistrouse un **total de sesenta e sete pezas na intervención**, dos que vinte e un son fragmentos de cerámica e corenta e seis son líticos.

Seguidamente realizaremos unha síntese do material documentado na intervención. A información en detalle de cada peza pódese consultar no *Anexo 2. Táboas de rexistro e descrición de materiais,* completándose coa información gráfica rexistrada no catálogo de fotos (Figura 20 e Figura 21) e na parte gráfica deste apartado.

A cerámica

O material cerámico documentado na intervención é bastante homoxéneo formalmente. Son un **total de vinte e unha pezas**, quince vinculadas a vaixelas e seis a material construtivo (Figura 20).

O **material construtivo** está conformado por tella exclusivamente, de pastas porosas medias, de color marrón claro. Algunhas delas presentan manchas avermelladas que poden ser consecuencia de algún proceso de oxidación ou lume.

Fragmentos de tella (PZVIV01a1, a8)

Fragmentos de louza (PZVIV01a11, a9, a2) e cerámica vidrada de ton amarelento (PZVIVa7)

El material vinculado a **vaixelas** está feito a torno (exceptuando a PZVIVa21, feito a man). Predominan as barrigas, pero ademais se documentan tres bordes, un pescozo e tres fondos planos (ver táboa seguinte). As pasta presentan texturas compactas finas; pódense facer tres grupos en función das características de las pastas:

- Louza branca que presenta un vidrado de cor branco: son un total de **tres** fragmentos, ademais hai unha peza vidrada (PZVIVa7) de tons amarelentos, diferente ao resto deste grupo.
- Recipientes de pastas vermellas e fracturas escuras: son un total de **dez** fragmentos; de feito, salvo a PZVIVa19, que presenta unha fractura máis fina, o resto dos fragmentos poderían ser do mesmo recipiente.

Fragmentos de fondo (PZVIV01a10, a17) representativos do conxunto cerámico

- Recipiente feito a man de pastas marrón claras, un único fragmento (PZVIVa21), é o único do que non podemos determinar a adscrición cultural.

Case todo o material, incluíndo a peza feita a man, parece proceder dun único momento de uso, en **época contemporánea**. Unicamente unha das pezas vidradas (PZVIVa7), de tons amarelentos, podería ser máis antiga que o resto do conxunto e quizás se poida remontar á época medieval.

Polo xeral, o material está mal conservado: tanto os fragmentos de vaixelas como os de material construtivo: están moi rodados e fragmentados, e na maior parte dos casos non conserva o acabado superficial exterior. Esta fragmentación e estado de conservación fixo que non fora posible realizar unha reconstrución dos recipientes.

ITVIV			
Tipo	**Nº**	**Contemporáneo**	**Indeter**
Borde	3	3	0
Colo	1	1	0
Barriga	8	7	1
Fondo	3	3	0
Mat Construtivo	6	6	0

Relación dos tipos de materiais cerámicos documentados e a súa adscrición cultural.

Copia gratuita. Personal free copy http://libros.csic.es

O material lítico

O conxunto lítico recuperado está composto por un total de **corenta e seis pezas**. Todas as pezas son de **seixo**, de diferentes variedades, excepto unha que é de **granito** (Figura 21).

Destacan no conxunto catro pezas, **dous cantos rodados** de pequenas dimensións, ámbolos dous de seixo, e **dúas pezas que presentan parte da súa superficie pulimentada**. Estas pezas con pulimento na súa superficie, presentan un soporte tipo canto rodado e aparecen fracturadas. Unha delas é de granito e a outra de seixo. Probablemente trátase de elementos empregados en actividades de moenda.

Cantos en seixo (esquerda -PZVIV01b02, b22, b29) e con pulimento (dereita - PZVIV01b01)

Fragmento de granito con pulimento (PZVIV01b6)

O resto de conxunto, un total de **corenta e dúas** pezas, resulta significativo polas seguintes características.

- Trátase fundamentalmente de dous tipos de pezas:
  - fragmentos informes e fragmentos milimétricos
  - fragmentos de bloques.
- Moitas pezas conservan restos de superficies corticais rodadas.
- Algunhas pezas presentan melladuras.

Todas estas pezas non mostran os rasgos tecnotipolóxicos propios de ter formado parte dun proceso de talla de carácter antrópico, sen embargo, moitas das pezas presentan sinais de percusión, melladuras en extremos e bordes, que lle confiren un carácter particular.



Bloque de seixo (PZVIV01b28) e fragmentos milimétricos de seixo (PZVIV01b44, b26, b14, b25, b13, b32, b38, b36, b18, b33) documentados na escavación

Trátase polo tanto dun conxunto de pezas que hai que tratar con certa cautela, xa que aínda que algunhas presentan rasgos de manufactura antrópica, o seu carácter intencional resulta dubidoso e non parecen responder a ningunha estratexia de lascado. Plantéxase polo tanto que estas pezas son o resultado dunha serie de actividades de percusión contundentes que fragmentaron estes bloques e cantos.

A escasa representatividade, tanto cualitativa como cuantitativa, do conxunto lítico documentado

© CSIC © del autor o autores / Todos los derechos reservados

nas sondaxes, non permite facer unha valoración máis alá que a da descrición formal e polo tanto tampouco se pode propor unha adscrición cronocultural para os mesmos.

O contexto estratigráfico e valoración da Cultura Material

É de destacar que nun contexto estratigráfico simple como este (unha única UE sobre a rocha), recuperouse un conxunto de materiais bastante destacado cuantitativamente (setenta e sete pezas en apenas 25 m^2), aínda que cronoculturalmente é pouco definitorio. Isto último parece ser a tendencia habitual nestes contextos arqueolóxicos: a escavación do entorno dos petróglifos en Galicia non soe fornecer dun conxunto de materiais nin numeroso nin significativo, e se aparece material, predomina o seixo fragmentado. Así, na primeira intervención en *Os Carballos-Campo Lameiro* non se documentou material relacionable cós gravados (Peña 1982: 79), mentres que nas máis recentes apareceu unha alta concentración de esquirlas de seixo (Santos 2005b, Santos 2008); en *Pedra das Ferraduras - Cotobade* rexistrouse unha gran cantidade de fragmento de seixo (Vázquez 1997: 42); na *Pedra das Procesións, Auga da Laxe – Gondomar* apareceu unha cuarcita con talla bifacial, unha man de moer de granito e ocre (Vázquez 1997: 43); e por último, en *A Ferradura – Amoeiro* destaca a localización de gran cantidade de seixo fragmentado incrustado nas fendas, ademais dun depósito de seixos nun rebaixe na rocha, cerámica (case toda adscrita a Idade Media ou Moderna), arxila e ferro (Santos e Seoane 2005:46, Santos 2008). Polo xeral, o material que pode ser coetáneo ó petróglifo asociase coa execución dos gravados, o seu pintado ou actividades rituais.

En *O Viveiro*, as **pezas cerámicas** están moi fragmentadas e roladas, o que en principio é indicativo duns procesos postdeposicionais moi agresivos, ben que se deron neste contexto ou que sufriron noutro lugar antes do seu deposito definitivo. A maioría deles parecen materiais contemporáneos, tella ou vaixela, a excepción do recipiente feito a man (PZVIV01a21) do que non se pode determinar a súa cronoloxía. O material cerámico repártese por toda a área de escavación, aínda que se concentra especialmente nunha zona (Figura 19): na UR05, entre os bloques 100 e 800, ao S do petróglifo, nos que se documentaron un total de seis pezas. Nesta zona tamén se documentaron varios líticos, dos que destaca un canto rolado, todos a cotas inferiores que as cerámicas (uns 10 cm por debaixo delas). Outras seis pezas cerámicas se atopan espallados cara os extremos da área de escavación. O resto de fragmentos de cerámica (nove pezas) se documentaron na parte máis superficial da UE, no tapiz vexetal. Todo isto abunda nun depósito contemporáneo da cerámica.

O material lítico é o máis abondoso. A maioría é seixo, material de orixe local, fragmentos informes ou de bloques, e que podería corresponderse cunha actividade de percusión contundente, aínda que non se pode asegurar en tódolos casos que a orixe desta percusión sexa resultado da actividade humana.

Destaca deste conxunto lítico catro pezas: dous cantos rolados pequenos (PZVIV01b02 ePZVIV01b22) e dúas pezas e con parte da súa superficie pulimentada (PZVIV01b01 ePZVIV01b06). Para estas pezas con pulimento empregáronse cantos rolados, sendo moi probable que este pulimento sexa resultado de labores de moenda, unha actividade que se vincula directamente coa interpretación máis común de este tipo de gravados que se denominan muíños rupestres.

Polo tanto, de tódalas pezas documentadas na intervención destacan estas **dúas pezas líticas con pulimento**: as dimensións das caras con pulimento do PZVIV01b01 (de 9 x 10 cm) e do bloque de granito PZVIV01b06, cunha das súas cara maiores planas (de 9 x 13 cm), axustase en grande medida ás dimensións dos rebaixes principais do petróglifo, polo que podería ter sido as mans de muíño que os formatizaron. Ademais, fronte o resto de material, o seu contexto de aparición é moi particular (Figura 19): apareceron "cravadas" dentro dunha fenda natural que hai na parede ao SW do gravado (UR05 e UR08), un no extremo N da fenda e o outro no oposto, xunto con algún fragmento máis en seixo e un dos cantos rolados pequenos. Esta fenda ten un perfil en forma de "V", de entre 10 e 25 cm de ancho e uns 2 m de longo e 20 cm de profundidade máxima. Está entre o bloque 300, que é o máis elevado do afloramento, e o 100, que é o que forma a parede ao SW dos gravados, unha posición aliñada coa orientación dos motivos principais do gravado. É un contexto moi particular e restrinxido, estando as pezas encaixadas dentro dela, polo que a súa posición semella corresponderse á orixinal e ademais estar directamente vinculadas co uso do muíño rupestre.

O resto do material lítico é dificilmente relacionable co probable momento de uso do petróglifo, que se adscribe á Prehistoria Recente: o contexto estratigráfico non aporta información clara que permita encadrar o material a distintos episodios deposicionales. Destaca á concentración de pezas líticas na UR02 (que se atopan sobre o bloque do gravado) e na UR03 (nun chanzo inferior do afloramento ao bloque gravado): aquí documentáronse varias concentracións de líticos, sen relación directa con pezas cerámica agás coa PZVIV01a21 (o único fragmento de cerámica feito a man) que se atopa no extremo NE da escavación e en cota similar á PZVIV01b40. Como xa se dixo antes, na UR05 é onde se atoparon no mesmo espazo material cerámico e lítico e onde se pode advertir con certa seguridade que a cerámica se atopa en cotas máis superficiais. Quizais isto indique que, aínda que visualmente non se puido

Copia gratuita. Personal free copy http://libros.csic.es

distinguir varias deposicións, parte do material lítico sexa resultado de actividades desenvolvidas nun momento máis antigo (e incluso prehistórico) e a maior parte da cerámica se corresponda con aportes modernos[6]



Planta da escavación, coa localización de materiais cerámicos (A, vermello) e líticos (B, azul). Represéntanse os bloques do afloramento (do 100 ó 2200) e os límites da UE001 (en descontinuo, límite da UE baixo os bloques).

[6] Neste sitio podería estar dándose un proceso edafolóxico similar ao que se explica en F. Criado e A. Martínez 2005: a antigüidade dos depósitos vese rexuvenecida pola acción da vexetación que crea un novo solo no que quedan subsumidos os restos arqueolóxicos.

© CSIC © del autor o autores / Todos los derechos reservados

Extracción da rocha gravada

No Anexo 2: **Figura 22 e Figura 23**

Problemática previa

Dende a identificación deste elemento arqueolóxico e debido á imposibilidade técnica de desviar a obra e evitar a afección, considerouse necesario levar a cabo a extracción e posterior recolocación da rocha gravada có obxectivo de **salvagardar o petróglifo**.

A escavación levada a cabo previamente permitiu documentar o contexto do petróglifo o que, xunto coa documentación gráfica, calco, planimetría, etc. permitiu recuperar un volume de información que permite caracterizar mellor o xacemento.

Tras esta fase, iniciouse o proceso de extracción do bloque do afloramento que contiña os gravados. Superficialmente, apreciábase as grandes dimensión do bloque a extraer, con moitas fendas, aínda que parecía suficientemente compacto como para resistir a extracción, sendo a maior dificultade a profundidade do seu enraizamento. Posteriormente habería que reubicar o bloque extraído.

Proceso de extracción

A extracción levouse a cabo entre 21 outubro e o 4 de novembro de 2003, executándoa a empresa *Explotaciones Mineras del Morrazo*, contratada pola UTE para tal efecto, baixo a supervisión da equipa de seguimento arqueolóxico do Corredor. Primeiro retiráronse os bloques soltos que se atopaban sobre e en torno o bloque dos petróglifos, ampliando a superficie de ataque.

A rocha tiña un enraizamento profundo polo que a súa extracción necesitou dun corte previo, co obxectivo de obter un bloque compacto do espesor suficiente para poder ser trasladado con garantías de integridade e ao tempo que non fora moi pequeno para evitar posibles intentos de furto no futuro.

A técnica de corte consistiu na perforación en abano mediante barrenas horizontais a partir da superficie de ataque situada ao S da rocha. Nestes furados introduciuse cemento expansivo que, no proceso de solidificación e aumento de volume provocou a rotura da rocha horizontalmente. Con este corte na rocha, intentouse a extracción cunha retropala. A extracción é o momento máis delicado de todo este proceso, xa que é cando as tensións no bloque son máis fortes e a posibilidade de fragmentación é máis alta, sobre todo nas zonas de fendas, vetas, etc. Neste primeiro intento non puido separar o bloque do afloramento xa que aínda estaba unido pola parte W, por onde estaba máis profundamente enraizado do que se apreciaba na superficie. Polo tanto, decidiuse realizar unha segunda batería de perforacións, neste caso verticais na zona W da rocha, por onde quedara prendida ao resto do afloramento.

Unha vez perforada a rocha, procedeuse á extraer o bloque coa maquinaria pesada proporcionada pola UTE responsable do tramo. Debido a unha veta vertical do bloque situada baixo os gravados e que non se apreciaba en superficie, o bloque partiu en tres fragmentos. Partiu verticalmente en dous bloques, de maneira limpa e pola parte interior, mentres que cara a superficie quebrou nunha diagonal que deixou unha especie de viseira nun dos bloques, coa superficie gravada xusto enriba. O terceiro fragmento seguía en liña oblicua no outro bloque, provocando un grande descascado na súa superficie.

Coma consecuencia desta fractura, os gravados víronse afectados: o límite da fractura cortou o límite SW dun dos motivos, polo que o gravado quedou cortado polo seu borde e sobre a viseira dun dos bloques.

Copia gratuita. Personal free copy http://libros.csic.es

Vista dos gravados e da superficie de fractura.

Os dous bloques principais nos que partiu o soporte no lugar de depósito provisional.
Sinálase a situación dos gravados.

© CSIC © del autor o autores / Todos los derechos reservados

Vista dos dous bloques no lugar de depósito provisional (1) e a área de recolocación (2).

Situación patrimonial tralos traballos de extracción

Unha vez extraído os dous bloques do petróglifo, foron depositados temporalmente nunha área situada entre un ramal e o tronco principal dentro da banda de expropiación (1 na imaxe anterior).

Neste lugar permaneceron as rochas ate a súa recolocación, logo de que se ter realizado todos os traballos de movemento de terras e voaduras da obra do Corredor e de facer unha proposta de recolocación tal e como se sinala no seguinte epígrafe.

Recolocación da rocha gravada

No Anexo 2: **Figura 7, Figura 23, Figura 24 e Figura 25**

Proposta de recolocación

Tras o seu depósito temporal na banda de expropiación e estando a obra do Corredor na súa fase final, fíxose a proposta de recolocación a través dun Informe Puntual remitido con data **10 de novembro de 2005**.

Atendendo aos parámetros establecidos na resolución emitida pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural con data 25 de agosto de 2003, o obxectivo principal da intervención era a recolocación das rochas gravadas en terreo de titularidade pública nun momento avanzado da obra, e a posta en valor do conxunto dos petróglifos xa en fase de reacondicionamento. Así, fíxose unha proposta de recolocación nestes termos:

O **lugar proposto para a recolocación** está no entorno inmediato do lugar orixinal, a 120 m ao N da orixinal, dentro da área de expropiación da obra e no límite da vía de servizo (**2** na imaxe anterior, Figura 7). Consideramos este punto como o máis axeitado xa que:

- Sitúase no contexto inmediato da posición orixinal, no mesmo paso que se forma entre a ladeira do Monte Faro e o Alto da Cidades, nunha posición topográfica similar, xa que o novo emprazamento atópase na divisoria desta dorsal, orientado cara a cabeceira do encaixado val que discorre cara o E. Os petróglifos de Pozo Garrido (GA36029007) e os de A Escada (GA36029009) emprázanse en posicións topográficas similares, rodeando a cabeceira do val case as mesmas cotas. Ademais, esta dorsal é un punto límite cara o val litoral de Meira – Cangas (ao W), abríndose as vistas cara á ría ao SW. Así, neste punto mantense a ampla visibilidade cara o val do Fraga e a ría (aínda que algo máis retraída que á orixinal) e cara a cabeceira do val onde están os outros petróglifos.
- O relevo ten una inclinación similar á orixinal, polo que é posible reproducir a súas relacións topográficas concretas, xa que a laxe do gravado se atopaba soterrada dentro do afloramento, sendo posible reflectir un tipo de visibilidade e constriximento similar á orixinal.
- Para cumprirse a primeira e segunda condición, a orientación do gravado tense que modificar respecto á orixinal: aínda que no proxecto inicial prevíase recolocar reproducindo a orientación, o tipo de emprazamento posible limita esta posibilidade, priorizándose nesta proposta a proximidade ao seu contexto orixinal e a reprodución

Copia gratuita. Personal free copy http://libros.csic.es

das condicións topográficas concretas antes que a orientación respecto ao N xeográfico.

- Está pegado á pista de servizo do corredor, polo que é un punto de fácil acceso, o que facilita a súa visita.
- Queda dentro da banda de expropiación da obra e na marxe que non se vai a desdobrar do corredor, polo que son terreos de titularidade pública, o que mellora en certa medida a posibilidade de sinalización e conservación.

As **fases de traballo** previstas nesta proposta foron:

- Limpeza e acondicionamento da área de recolocación, coa preparación cunha fosa para soterrar parte dos bloques.
- Colocación e axuste dos bloques, primeiro o que non ten gravados, contra a ladeira, e despois o dos gravados.
- Recheo da fenda entre os bloques con area. Desbotouse encintala con algún tipo de conglomerado, pois o efecto de tirante que causa este material no rexuntado de bloques de grande tamaño provocaría a rotura da parte gravada da rocha, a que está nunha situación máis delicada. Así, o crecemento de vexetación de raíces pouco profundas axudará a unha estabilización de ambos bloques, evitando ademais presións significativas na rocha.
- Acondicionamento final do entorno do petróglifo, coa regularización da terra, etc.

Na proposta indicamos que se empregaría unha retopala e grúa de gran tonelaxe, que con cintas e o cazo, moverá e colocará as pedras, axudado de man de obra. Maquinaria e man de obra sería proporcionada pola UTE, sendo o traballo ordenado e controlado pola equipa de arqueólogas.

Por último, como se especificaba no Proxecto desta intervención de *Escavación, Traslado e Posta en valor do petróglifo de O Viveiro (Moaña, Pontevedra)*, CJ 102A 2003/500-0, no momento de decisión do lugar de recolocación, contemplaríase a súa posible sinalización e adecuación dun camiño de acceso para facilitar as visitas, acción que terá un presuposto propio, xa que estes custos non estaba incluídos no orzamento do proxecto. Así, fíxose a proposta dunha posta en valor básica a través da **sinalización** das pezas recolocadas cun panel explicativo a carón dos gravados e no límite da vía de acceso.

Para a escolla do tipo de cartel tivemos en conta as seguintes variables:

- O volume de información ten que ser básico, sintético e moi visual, posto que os contidos demasiado densos impedirían ao visitante manter un adecuado nivel de atención e retención de conceptos.
- Que o soporte teña un deseño harmónico co entorno e non excesivamente voluminoso.
- Que os materiais empregados sexan resistentes, especialmente indicados para exteriores e tamén para resistir actos vandálicos.
- Que a calidade de impresión do cartel garante unha duración aceptable polo seu custe.

Os *contidos* do panel proposto son eminentemente gráficos, incluíndo fotos da intervención, o calco do gravados e unha breve explicación dos resultados da escavación, a súa significación histórica, ademais de facer referencia a cómo se viu afectado polas obras do corredor, o seu contexto arqueolóxico, etc. Sobre o *tipo de soporte*, o panel que se propuxo era un panel vertical, que soporta mellor os efectos do sol no rotulado, polo que está prevista unha maior duración. Propuxemos un tamaño de 1 m de alto por 1,50 m de ancho, con patas de 1 m de alto realizada con chapa de aluminio canteada e estrutura en galvanizado, cimentados con formigón.. Sobre o tipo de *rotulación*, propuxemos empregar a impresión dixital en vinilo con tinta solvente que garante unha duración de 5 ou 6 anos en exteriores.

Proceso de recolocación

Antes do traslado dos bloques, fíxose unha limpeza e acondicionamento da área de recolocación cunha retropala. A extensión da mesma adaptouse ao tamaño dos bloques que ían ser remontados, co obxecto de que as rochas quedaran o suficientemente soterradas para evitar a súa inestabilidade e desprazamentos, simulando na medida do posible o contexto orixinal.

Cunha grúa de grande tonelaxe movéronse os dous bloques dende o lugar de depósito provisional ata a de situación definitiva, colocándoos e orientándoos coa axuda da grúa e man de obra. A fractura entre ambos era limpa, polo que se procedeu a facer unha remontaxe do bloque orixinal, procurando que quedaran axustados e a fenda entre eles fora a menor posible. O feito de que os gravados quedaran nunha viseira nun dos bloques facía que o proceso de ensamblaxe tivera que facerse con sumo coidado, xa que unha presión forte sobre esta podía provocar a súa ruptura.

O primeiro dos bloques colocados pesaba 8,200 toneladas; é o que orixinalmente estaba cara o SW, e que non tiña os gravados. O seu extremo aproximouse no posible á pendente, mentres que se axustou a base ata que se logrou unha inclinación da superficie axeitada, reproducindo á orixinal. Contra este bloque colocouse o segundo, o que tiña os gravados na viseira, de 7,200 toneladas de peso. Extremáronse as precaucións para evitar a rotura da viseira e polo tanto, dos gravados, axustando con coidado as arestas positivas e negativas dos bloques.

Tras a unión dos bloques sen incidencias significativas, encheuse con area a fenda que quedou entre os dous co obxectivo de mellorar o aspecto externo e darlle maior estabilidade á zona da viseira. Desbotouse o encintado das rochas xa que isto provocaría fortes tensións mentres os bloques se asentan, o que provocaría a ruptura da zona onde se atopan os gravados.

© CSIC © del autor o autores / Todos los derechos reservados

Situación patrimonial tralos traballos de recolocación

Finalizando a fase de recolocación e ensamblaxe dos bloques extraídos, falta por executar a posta en valor do sitio. Dentro da proposta de recolocación plantexábase a colocación dun cartel sinalizador coa información máis básica do petróglifo e das actuación que se levaron a cabo nel.

A asistencia técnica da COTOP, financiadora desta parte do proxecto, asumiu como propia a colocación deste cartel, elemento que, na data de edición da memoria da que procede este texto (marzo do 2007), aínda estaba pendente de execución; non nos consta que esta sinalización fora executada.

Estado final tra-la recolocación

Recolocación e acondicionamento

Finalmente, para acondicionar minimamente o entorno e mellorar o aspecto do petróglifo, reencheuse con terra o contorno da rocha e colocáronse algúns bloques contra a pendente, no extremo do bloque do petróglifo, co fin de reproducir a presenza da parede orixinal.

Copia gratuita. Personal free copy http://libros.csic.es

VALORACIÓN DA INTERVENCIÓN

Sobre a problemática arqueolóxica

A Península do Morrazo é unha das zonas máis ricas e significativas dentro do contexto arqueolóxico galego: aquí está documentada a presenza de gran variedade de sitios arqueolóxicos de tódalas épocas, entre os que se poden destacar os petróglifos e os asentamentos adscritos a Prehistoria Recente. Ademais, é deudora dunha gran tradición investigadora[7], avalada por unha serie de profesionais e afeccionados que, dende hai un século, foron elaborando un mapa con xacementos de referencia dentro do rexistro arqueolóxico galego (como Chan de Armada, A Cunchosa, Regueiriño, Lavapés, O Fixón, etc).

A **Arte Rupestre da Península do Morrazo** foi obxecto de un número considerable de traballos (Costas y Novoa 1993; Hidalgo et al. 1999; Peña 1978, Peña y Rey 1993, 2001; Peña y Vázquez 1979; Vázquez 1990; VV.AA. 1998) que a fan unha das zonas de maior concentración e de referencia da Arte Rupestre de Galicia. A maior parte dos deseños desta zona pódense encadrar dentro do denominado *Estilo Atlántico* (Santos 2005a: 106-108, 2008) que se estende dende o N de Portugal, Galicia ata Irlanda, Escocia e o N de Inglaterra, presentando deseños xeométricos moi parecidos: combinacións circulares, espirais, labirintos, etc. Na arte rupestre galega, esta temática abstracta é a máis numerosa e a que presenta unha maior dispersión xeográfica, pero ademais existen outros tipos de figuras que lle dan unha personalidade propia e que aportan información sobre a súa cronoloxía e funcionalidade: zoomorfos –entre os que destacan os cervos e cabalos, as armas, figuras humanas e pisadas de cuadrúpedes e ungulados. Tamén se atopan gravados de estilo distinto ao Atlántico, como o de *Devesa*, a 680 m ao N de *O Viveiro* e que tamén foi intervido dentro do Programa de Corrección de esta obra (Criado y Cabrejas 2005), cuns deseños a base de reticulados que son pouco frecuentes e máis difíciles de encadrar dentro do Estilo Atlántico. M. Santos (2005a, 2008) sinala o seu parecido con certas decoracións atopadas en tumbas megalíticas, como as de o dolmen de Antelas (Portugal) do IV milenio a.C., polo que non descarta a posibilidade de que a cronoloxía deste petróglifo puidera situarse no Neolítico.

Respecto a ***O Viveiro***, hai que empezar sinalando que este tipo de rebaixes na rocha non se considera propiamente un petróglifo, senón que se encadra dentro dos denominados **muíños rupestres** ou equipas de moenda, uns elementos ata certo punto frecuentes en Galicia e que, actualmente, a súa distribución se restrinxe ao SW de Galicia e N de Portugal, sendo a zona en torno á ría de Vigo un área de especial concentración. Polo xeral, se adscriben á Prehistoria Recente.

Os primeiros investigadores que trataron o caso dos muíños rupestres galegos foron F. Costas et al. (1985) e J. Fernández (1989, 1993a y 1993b). Este último autor é un dos que máis afondou neste tipo de elementos dentro do contexto galego: os denomina "equipas de moenda" o entender que cada un dos compoñentes (ou rebaixes) funciona coma parte dun mesmo muíño. Destaca a súa identificación da estreita relación existente entre algúns petróglifos do Estilo Atlántico (especialmente círculos concéntricos) e as equipas de moenda. Esta relación cos petróglifos vólvese máis directa coa constatación da existencia de superposicións de combinacións circulares a muíños rupestres, unha relación que supón que a cronoloxía máis probable para este tipo de artefactos sexa a mesma ou anterior o desenvolvemento do Estilo de Arte Rupestre Atlántico (2500-500 a. C.). Ademais, J. Fernández tamén advirte que se sitúan en zonas de escasa ou nula potencia edafolóxica, con numerosos afloramentos, polo que interpreta que non se desenvolverían labores agrícolas nas súas proximidades. Polo tanto, descartando o seu uso doméstico - agrícola, a funcionalidade destes equipos de moenda orientaríase cara a moenda dalgún tipo de froito silvestre. Así, interpreta que os rebaixes máis pequenos sería para fracturar o froito tratado como paso previo a moenda, que se realizaría nos rebaixes máis grandes.

Tamén foron tratados por R. Fábregas et al. (1999) aínda que de maneira máis xeral e volvendo a apuntar que estas piletas naviculares pode que foran usadas para procesar produtos vexetais con fin rituais.

M. Santos (2004:190-95) está de acordo con que o vínculo do muíños rupestres coa arte rupestre é estreito, sendo asociable a algunha actividade de carácter ritual, pero apunta que pode ser distintos dependendo do seu emprazamento concreto: aínda que moitos se vinculan a espazos escarpados e terreos de monte, hainas que están directamente vinculadas ao mar (Portiñó, Vigo). Respecto a variabilidade da composición das equipas de moenda, considerando o elemento principal o rebaixe máis grande, é común que ademais presenten os rebaixes menores arriba e abaixo, e incluso só un deles. Hai muíños que se distribúen aparentemente de maneira aleatoria polo soporte mentres que en outros casos (como O Viveiro e Os Pintos, Vigo) aparecen aliñados, coa particularidade que a súa profundidade descende gradualmente dende o muíño dun extremo ata o oposto. Algúns casos presentan canais de drenaxe, o que apunta a que foron realizados para de-

[7] A parte máis intensa de traballo desenvolveuse en torno ós anos 80: García-Lastra 1984, 1985-86; Suárez 1983, 1995, 1997; Peña 1984a y 1984b; Peña y Rey 1993. O outro momento de gran intensidade de traballo foi o conxunto de actuacións desenvolvidas en relación có seguimento arqueolóxico do Corredor do Morrazo entre 2003 e 2004, resumidas e valoradas en Criado e Cabrejas 2005.

© CSIC © del autor o autores / Todos los derechos reservados

saloxar algún tipo de líquido. Os casos máis espectaculares de muíños rupestres aliñados ou relacionados con arte rupestre son os de O Viveiro e Os Pintos (Vigo), Penizas Pequenas (Nigrán) e Bosque do Cadro (Marín). Tamén propón a hipótese de que, debido a escasa separación entre os rebaixes grandes, o estreitos e o corto recorrido destes (que rolda entre os 12 e os 30 cm de ancho e 25 e 40 cm de percorrido) sería un elemento empregado por unha soa persoa para a molturación dun produto de orixe silvestre de escasa dureza. A presenza dalgúns casos de varios muíños rupestres xuntos podería indicar que se requiriría a realización de sucesivas e distintas fases de moenda que implicaban, ben non mesturar os distintos produtos empregados ou controlar a proporción de dita mestura. Polo tanto, apunta que a finalidade destes sería a produción dalgún tipo de colorante, de alucinóxeno ou de comida procedente de froitos silvestres e relacionados con algunha actividade ritual desenvolvida en torno ós petróglifos, coma algún tipo de rito de paso no que se usaran estes compoñentes para cambiar o aspecto da persoa que pasara por ese transo, ou que puidera ser para facer as pinturas para colorear os gravados.

O caso de *O Viveiro* ven a sumarse a este conxunto de elementos identificados coma muíños rupestres. Aínda que no propio rochedo non hai ningún outro gravado, na súa entorna se atopan rochas con petróglifos: *A Escada* (GA36029009) e o de *Pozo do Garrido* (GA36029007), ocupan a mesma cabeceira que *O Viveiro*, a unha cota similar, e poida que pertenzan a un mesmo momento de uso ritual desta zona. Destaca a súa posición nun afloramento rochoso rechamante na entorna, moi conspicuo, que forma unha especie de miradoiro cara o val do río Fraga e a ría de Vigo, aínda que dende onde están os gravados esta vista cara a ría está oculta e o que si que ve é a cabeceira do val onde se atopan os petróglifos. Así, cremos de especial relevancia que se escollera unha das zonas máis afundidas desde rochedo, coa visibilidade constrinxida cara o SW mentres que se abre na dirección contraria, estando ademais o eixo principal dos gravados orientado seguindo esta dirección.

Polo que respecta aos resultados da escavación, a documentación dunha única UE non permite unha clara contextualización diferencial do material recuperado, ou sexa, por estratigrafía non se pode distinguir claramente varios momentos de depósito, aínda que a relación espacial en determinados zonas da escavación entre as cerámicas e líticos parece indicar un aporte máis recente das cerámicas. Esta falta de distinción entre episodios deposicionais pode deberse o efecto de rexuvenecemento do solo galego (Criado e Martínez 2005), no que as raíces aportan materia orgánica a un solo que non é moi potente e que, o crearse un novo solo, quedan subsumidos os restos anteriores. Con todo, poida que o material lítico se adscriba a momentos prehistóricos. Deles, os máis significativos son os dous elementos coa súa superficie pulida que se atoparon na fenda ao SW do gravado, cunhas dimensións moi semellantes aos rebaixes principais do petróglifo, polo que podería tratarse das pedras coas que se fixeron os rebaixes, incluso corresponderse coas mans de muíño vinculadas á estes gravados, algo totalmente novidoso na literatura sobre este tipo de xacementos e que abonda na interpretación de este tipo de gravados coma equipas de moenda ou muíños rupestres.

Sobre a problemática patrimonial

Así pois, finalizados os traballos arqueolóxicos de escavación, extracción e traslado do petróglifo de *O Viveiro* propuxemos **o levantamento da cautela arqueolóxica, liberando os terreos comprendidos entre o PK 106+650 e o 106+750.**

Non obstante mantívose como *medida correctora* necesaria que os traballos de desmonte de terras no entorno inmediato da área de escavación foran realizados en presenza do equipo de arqueólogos do seguimento da obra. Dito traballo consistiu no **control a pé de maquina de todos os labores de remoción de terras que teñan lugar no citado lugar**, coa finalidade de identificar posibles restos relacionados cos gravados documentados. Neste seguimento non se documentou ningún elemento novo en relación a este xacemento.

Por último, creemos necesario resaltar a orientación cara a **difusión** e **divulgación** que se levou a cabo dos resultados desta intervención. Dende este Laboratorio se organizou e xestionou unha exposición itinerante titulada ***Arqueoloxía no Morrazo*** onde, cun total de 10 pósters, presentáronse de maneira moi básica os desenvolvemento dos traballos arqueolóxicos (actuacións/escavacións) realizadas no marco das obras do Corredor do Morrazo entre xuño de 2003 e agosto de 2004. A intención principal era achegar o público xeral a información xerada durante as intervencións arqueolóxicas, particularmente ós habitantes da península do Morrazo, que foron directamente afectados polas obras.

Así, un resumo da intervención sobre o xacemento de *O Viveiro* integrouse xunto coas outras dúas intervención que estaban orientadas a corrixir a afección a rocas con evidencias de gravados que ían a ser destruídos pola obras do corredor (Figura 26). Baixo o título *Tres Petróglifos afectados polas obras: Devesa do Rei, O Viveiro e Gondarán* exponse o proceso das intervencións e os seus resultados, coa documentación dos gravados, a escavación do seu entorno, así como a extracción das rochas e a súa posta en valor. Ademais explicase o impacto de toda a obra sobre este tipo de manifestacións prehistóricas e os problemas patrimoniais xerais que presentan os petróglifos no contexto actual. A exposición ata o día de hoxe, estivo nos seguintes lugares:

- Do 12-20 maio 2005, en Moaña, organizado en colaboración coa *Agrupación Cultural Nós* de Moaña A exposición reforzouse coa presentación por parte de diversos arqueólogos dos resultados das intervencións máis significativas do seguimento do Corredor en varias charlas o longo destes días.
- Do 7-23 de outubro de 2005 en Cangas do Morrazo, organizado en colaboración coa *Agrupación Cultural Nós* e o Concello de Cangas. Neste caso, a exposición estivo apoiada pola presenza

Copia gratuita. Personal free copy http://libros.csic.es

de material arqueolóxico recuperado nestas intervencións.

- No mes de novembro do 2005, na sede do Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento en Santiago de Compostela, dentro dos actos da *Semana da Ciencia en Galicia 2005*.
- En xuño do 2006, no Centro Arqueolóxico do Barbanza (Boiro-A Coruña).

Coma un dos froitos desta exposición e colaboración entre distintas entidades, editouse unha publicación onde se recolle a información que se presentaba na exposición e a súa valoración preliminar, cun apartado adicado ós petróglifos afectados polo corredor, incluído o de *O Viveiro* (Criado e Cabrejas 2005: 70-75).

No momento de edición da memoria da que este texto procede, e do seu depósito ante a DXPC - Xunta de Galicia (en marzo de 2007), restaban por rematar as labores de sinalización de *O Viveiro*, nos que estaba prevista a colocación dun cartel coa información máis básica do petróglifo e das actuacións que se levaron a cabo nel. Posteriormente á edición desa memoria técnica, publicamos un artigo que incluía este caso e a problemática patrimonial de este tipo de intervencións (Mañana e Seoane 2008).

No momento de publicación deste texto, non temos constancia de que se executara a sinalización proposta nin outra acción de revalorización do sitio.

Bibliografía

Cobas, M. I; Prieto Martínez, P. 1998. *Criterios y convenciones para la gestión y el tratamiento de la cultura material mueble*. CAPA (*Criterios y Convenciones en Arqueología del Paisaje*), 7. Santiago de Compostela: Laboratorio de Arqueoloxía e Formas Culturais.

Costas Goberna, F.J.; Fernández Pintos, J.; Goberna Pena, J.L.; Fernández Díaz, M.A. 1985. *Petróglifos del litoral sur de la Ría de Vigo*. Publicaciones del Museo Municipal Quiñones León, 8. Vigo: Museo Municipal Quiñones León.

Costas Goberna, F.J.; Novoa Álvarez, P. 1993. *Los gravados rupestres de Galicia*. Monografías Museo Arqueolóxico e Histórico de A Coruña, 6. A Coruña.

Criado Boado, F.; Cabrejas Domínguez, E. (coord.). 2005. *Obras públicas e Patrimonio: Estudo arqueolóxico do corredor do Morrazo*. TAPA (Traballos de Arqueoloxía e Patrimonio), 35. Santiago de Compostela: IEGPS.

Criado Boado, F.; Martínez Cortizas, A. 2005. O modelo de formación dun xacemento arqueolóxico. En *Obras Públicas e Patrimonio: Estudio arqueolóxico do corredor do Morrazo*. TAPA (Traballos de Arqueoloxía e Patrimonio), 35: 89-95. Santiago de Compostela: IEGPS.

Doval Galán, J.F.; Vidal Lojo, M.A. 2001. *Prospección Arqueológica Intensiva del Corredor de O Morrazo, Cangas y Moaña, Pontevedra*. Memoria Técnica. Depositado no Servicio de Arqueoloxía da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, Xunta de Galicia. Ambiotec S.L. Santiago de Compostela.

Fábregas Valcarce, R.; Carballo Arceo, X.; Villoch Vázquez, V. 1999. Petróglifos y asentamientos: el caso de Monte Penide (Redondela, Pontevedra). *BSAA, Boletín del Seminario de Estudios de Arte y Arqueología*: 93-118. Valladolid.

Fernández Pintos, J. 1989. Las representaciones de carácter laberíntico del arte rupestre gallego. *Arqueologia*, 19: 116-23. Porto.

Fernández Pintos, J. 1993a. Una nueva revisión del arte rupestre gallego. En *Actas del XXII Congreso Nacional de Arqueología* (Vigo, 1993), II:119-24. Vigo: Concello de Vigo.

Fernández Pintos, J. 1993b. Asociaciones de combinaciones circulares a equipos de molienda rupestres en el NO peninsular. En *Actas do VI Colóquio Portuense de Arqueologia* (Porto, 1987). Lucerna, II, serie III: 75-96. Porto.

García-Lastra Merino, M. 1984. Primeros resultados de la campaña de excavaciones arqueológicas 1982, en el yacimiento campaniforme de "O Fixón" (Hío, Cangas de Morrazo, Pontevedra). *Pontevedra Arqueológica*, I: 113-44. Pontevedra.

García-Lastra Merino, M. 1985-86. El yacimiento de Chan de Armada (Vilaboa, Pontevedra). Resultados de la excavación arqueológica de 1983. *Pontevedra Arqueológica*, II-III: 41-62. Pontevedra.

Grupo de Arqueoloxía Alfredo García Alén. 1987. *A Prehistoria de Cangas*. Cangas: Concello de Cangas.

Hidalgo Cuñarro, J.M.; Costas Goberna, F.J.; Peña Santos, A. 1999. *Arte Rupestre no Sur da Ría de Vigo*. Vigo: Instituto de Estudios Vigueses.

Mañana-Borrazás, P.; Seoane-Veiga, Y. 2008. Excavación, traslado y reubicación de petroglifos afectados por Obras Públicas: la experiencia del Morrazo (Galicia). *Era Arqueologia,* 8: 200-15. Lisboa.

Parcero Oubiña, C.; Méndez Fernández, F. e Blanco Rotea, R.. 1999. *El Registro de la Información en Intervenciones Arqueológicas*. CAPA (*Criterios y Convenciones en Arqueología del Paisaje*), 9. Santiago: Laboratorio de Arqueoloxía e Formas Culturais.

Peña Santos, A. 1978. *El arte rupestre gallego al aire libre. Estado actual del problema y modelo para su estudio por áreas geográficas naturales: la Península del Morrazo*. (Tesis de Licenciatura) Facultad de Geografía e Historia. Santiago de Compostela: Universidad de Santiago de Compostela. Inédito.

Peña Santos, A. 1982. Excavaciones Arqueológicas de urgencia en la provincia de Pontevedra durante el año 1981. *El Museo de Pontevedra*, XXXVI: 69-82. Pontevedra.

© CSIC © del autor o autores / Todos los derechos reservados

Peña Santos, A. 1984a. Sondeo estratigráfico en el yacimiento de O Regueiriño (Moaña). *Pontevedra Arqueológica*, I: 85-90. Pontevedra.

Peña Santos, A. 1984b. Sondeo estratigráfico en el yacimiento de Lavapés (Cangas de Morrazo): balance de las excavaciones 1981-1982. *Pontevedra Arqueológica*, I: 149-78. Pontevedra.

Peña Santos, A. 1984/85. Excavación de un complejo de grabados rupestres en Campolameiro, Pontevedra. *Ars Prehistórica*, III-IV:285-90. Madrid.

Peña Santos, A.; Rey García, J.M. 1993. El espacio de la representación. El arte rupestre galaico desde una perspectiva territorial. *Revista de Estudios Provinciais*, 10: 11-50. Pontevedra.

Peña Santos, A.; Rey García, J.M. 2001. *Petróglifos de Galicia*. A Coruña: Vía Láctea.

Peña Santos, A.; Vázquez Varela, J.M. 1979. *Los petróglifos gallegos. Grabados rupestres prehistóricos al aire libre*. Sada: Edicións do Castro.

Santos Estévez, M. 2004. *Arte rupestre: Estilo y Construcción social del espacio en el Noroeste de la Península Ibérica*. (Tesis de Licenciatura) Facultad de Filosofía. Santiago de Compostela: Universidad de Santiago de Compostela. Inédito.

Santos Estévez, M. 2005a. Arte rupestre na península do Morrazo. En *Obras Públicas e Patrimonio: Estudio arqueolóxico do corredor do Morrazo*. TAPA (Traballos de Arqueoloxía e Patrimonio), 35: 106-109. Santiago de Compostela: IEGPS.

Santos Estévez, M. 2005b. Sobre la cronología del arte rupestre atlántico en Galicia. *Arqueoweb,* 7 (2). http://www.ucm.es/info/arqueoweb/numero7_2/conjunto7_2.htm [marzo 2006].

Santos Estévez, M. 2008. *Petroglifos y paisaje social en la prehistoria reciente del noroeste de la Península Ibérica*. TAPA (Traballos de Arqueoloxía e Patrimonio), 38. Santiago de Compostela: IEGPS.

Santos Estévez, M.; Seoane Veiga, Y. 2005. Excavación no contorno dun petróglifo en A Ferradura (Ourense-Galiza). *Arkeos- Arte Rupestre-Pré-historia-Patrimonio,* 15: 37-53. Tomar.

Seoane Veiga, Y. 2005. Metodología de reproducción de grabados rupestres en Galicia: levantamiento de calcos sobre plástico. *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 118: 81-115. Santiago de Compostela.

Seoane Veiga, Y.; Mañana Borrazás, P. 2005. Petróglifos: Viveiro, Devesa do Rei e Gondarán. En *Obras públicas e Patrimonio: Estudo Arqueolóxico do Corredor do Morrazo*. TAPA (Traballos de Arqueoloxía e Patrimonio), 35: 70-75. Santiago de Compostela: IEGPS.

Suárez Otero, J. 1983. Os abrigos de A Cunchosa: novos datos sobre tipos de asentamentos e complexos ergolóxicos na Prehistoria galega. *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 34: 51-85. Santiago de Compostela.

Suárez Otero, J. 1995. O Fixón: una nueva perspectiva del Bronce Inicial en Galicia. En *Actas del XXII Congreso Nacional de Arqueología* (Vigo, 1993), II: 57-68. Vigo: Concello de Vigo.

Suárez Otero, J. 1997. Del yacimiento de A Cunchosa al Neolítico en Galicia. Primera aproximación al contexto cultural de la aparición del Megalitismo en Galicia. En Rodríguez Casal, A. (ed.). *O Neolítico Atlántico e as orixes do Megalitismo: Actas do Coloquio Internacional* (Santiago de Compostela, abril 1996): 485-506. Santiago de Compostela: USC.

Vázquez Rozas, R. 1997. *Petróglifos de las Rías Baixas gallegas. Análisis artístico de un Arte Prehistórico.* Vigo: Diputación Provincial de Pontevedra.

Vázquez Varela, J.M. 1990. *Petróglifos de Galicia*. Biblioteca divulgación, 3. Santiago de Compostela: Universidad de Santiago de Compostela.

Vidal Romaní, J.R.; Twidale, C.R. 1998. *Formas y paisajes graníticos.* A Coruña: Universidad de A Coruña.

VV.AA. 1998. *Reflexiones sobre el arte rupestre prehistórico de Galicia*. Vigo: Asociación Arqueológica Viguesa.

Copia gratuita. Personal free copy http://libros.csic.es

Anexo 1. Entidades documentadas

Seguimento Arqueolóxico **35**
YA030711F01 - GA36029053 35
Punto PU030711F01 35
Punto PU060203L01 35
Entorno y Emplazamiento EE00006370 35
Impacto IM00006081 36
Medidas Correctoras MC00004771 36
Impacto IM00006082 36
Medidas Correctoras MC00004772 36
Impacto IM00006083 36
Medidas Correctoras MC00004773 36
Situación Patrimonial SP00005910 36
Situación Patrimonial SP00005911 36
Intervención ITVIV01 ..... **37**
Unidad Estratigráfica UEVIV01001 37
Matrix estratigráfica 37

Copia gratuita. Personal free copy http://libros.csic.es

Seguimento Arqueolóxico

YA030711F01 - GA36029053

Tipología: petróglifo
ACC: Edad del Bronce
Dimensiones: Los cinco motivos principales ocupan un área de 0,40 m en el eje NW-SE por 0,55 m en el eje contrario. Los motivos tienen ente 1,50 cm y 5 cm de profundidad máxima.
Descripción: Se identificó un grabado en la parte superior de una roca plana ligeramente inclinada hacia el E dentro de un afloramiento granítico de forma acastillada, en un punto hundido del mimo.

El motivo está compuesto principalmente por cinco rebajes cóncavos de forma rectangular y paredes muy redondeadas. Estos forman un rectángulo cuyo eje mayor se orienta de NE-SW, hacia el punto más elevado del afloramiento, situándose en la parte más plana de la roca.

Los dos motivos de mayor tamaño y más profundos tienen forma alargada, situándose en la parte central del conjunto; dos más del mismo ancho, aunque menos largos se sitúan al NE; otro más que ocupa el ancho de los dos rebajes principales se sitúa al SW de ellos.

Con la realización del calco se pudo completar esta caracterización, ya que permitió identificar que esta superficie tenía además grabadas tres pequeñas cazoletas circulares, dos al SW, casi en el límite de la superficie de la roca y otra hacia el NE. Otros elementos que caracterizan esta superficie son las grietas de escasa profundidad y estructura reticular que se encuentran en la mitad E de la superficie y un descamado de forma circular, una zona donde la superficie de la roca alcanza una mayor inclinación hacia el NW. También se identificó algunas pequeñas áreas de superficie alterada.

El resto del afloramiento no se encuentra grabado. Tampoco está modificado de forma significativa, ni tiene signos de haber sido utilizado para la cantería tradicional.

Bibliografía: Seoane Veiga, Y.; Mañana Borrazás, P. 2005. Petróglifos: Viveiro, Devesa do Rei e Gondarán. En Criado Boado, F.; Cabrejas Domínguez, E. (coord.). Obras Públicas e Patrimonio: Estudo Arqueolóxico do Corredor do Morrazo. TAPA (Traballos de Arqueoloxía e Patrimonio), 35: 70-75. Santiago de Compostela: IEGPS-CSIC.

Punto PU030711F01

UTM X: 523.367
UTM Y: 4.683.425
Longitud: 08.42.59,5
Latitud: 42.18.07,0
Altitud: 150 m.
Topónimo: O Viveiro
Lugar: Couso
Parroquia: Sta. Eulalia de Meira
Ayuntamiento: Moaña
Provincia: Pontevedra
Cartografía de detalle: 1:2.000/12 de 18
Cartografía 1:10.000: 12
Cartografía 1:25.000: I
Cartografía 1:50.000: 223

Punto PU060203L01

UTM X: 523.330
UTM Y: 4.683.530
Longitud: 08.43.01.1
Latitud: 42.18.10.4
Altitud: 148 m.
Topónimo: O Viveiro – nova situación
Lugar: O Pombal
Parroquia: Sta. Eulalia de Meira
Ayuntamiento: Moaña
Provincia: Pontevedra
Cartografía de detalle: Treito I - Hoja 12 de 18
Cartografía 1:10.000: 12
Cartografía 1:25.000: I
Cartografía 1:50.000: 223

Entorno y Emplazamiento EE00006370

Fecha: 11-07-03
Relieve: Se emplaza en la ladera meridional de la Península do Morrazo, un bloque de dirección E-W, fundamentalmente granítico, muy fracturado, de formas en general abruptas y de aspecto redondeado debido a la acción de distintos procesos tectónicos y erosivos. Está situado en la parte media de la ladera de Monte Faro, una de las elevaciones más importantes de la zona, que vierte hacia la parte E del valle del río Fraga, que atraviesa Moaña de N a S. Concretamente, se emplaza en la ladera NE de un pequeño 'outeiro' que divide dos valles bastante encajados que se desarrollan en la ladera de Monte Faro, en el extremo SW del collado que se forma entre este monte y Alto de Cidades. Este 'outeiro' forma un espolón que es el punto de inflexión del relieve, a partir del cual hacia el S la pendiente se incrementa fuertemente, cayendo directamente hacia el valle del Barranco do Faro y el río Fraga.
Vinculación a elementos naturales: El yacimiento se encuentra en la parte NE de un afloramiento granítico, el elemento más destacado del collado en el que se emplaza, elevándose unos 7 m sobre el entorno, una zona predominantemente llana hacia el N y con una fuerte pendiente hacia el S, dándose en este punto la ruptura de pendiente. Esta situación hace que el afloramiento actúe además como una especie de mirador hacia el valle del Fraga y hacia la costa.
